

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 20 DE MARZO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

PROXECTO DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Proxecto de Lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto construtivo para o sostemento de terras no contorno da AC-162, p.q. 0 + 600 (Sada).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se regula o Consello Galego de Acción Voluntaria.
- Decreto polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos.



ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Sada para a estabilización dun noiro no p.q. 0+600 da AC-162, por importe de cento noventa e nove mil seiscientos trinta e tres euros con trinta e oito céntimos (199.633,38 euros).

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos á conta e pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do citado Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvención do custo salarial para o mantemento dos postos de traballo ocupados por persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o período do 1 de decembro de 2013 ata o 30 de xuño de 2015, dentro do Programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego, e a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. Importe total: trece millóns seiscientos mil euros (13.600.000,00euros).
- Acordo polo que autoriza a Consellería de Traballo e Benestar para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a exención da obriga de constituír garantías ao abeiro do artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e para adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras dos programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social e, se procede á súa convocatoria para o ano 2014. Importe total: un millón cento sesenta e cinco mil euros (1.165.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Instituto Ourenán de Desenvolvemento Económico (Inorde), para continuar coa execución *ex situ* de determinadas actividades do programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, destinadas ás razas ovella galega, cabra galega e porco celta, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de cento corenta mil euros (140.000,00 euros).

MOCIÓNS E PROPOSTAS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Declaración institucional no Día Nacional contra as Agresións no Ámbito Sanitario.
- Declaración institucional con motivo do Día forestal mundial da árbore.

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe da prevención da violencia laboral externa no Servizo Galego de Saúde: seguimento marzo 2014.



A XUNTA APROBA O PROXECTO DA LEI QUE FACILITARÁ A APLICACIÓN E INTERPRETACIÓN DA REFORMA LOCAL EN GALICIA

- *A norma busca garantir a eficiente prestación dos servizos públicos, evitando dúbidas e disfuncións que prexudiquen aos cidadáns*
- *A Xunta axilizou a elaboración deste texto, sendo Galicia a primeira Comunidade en adaptar legalmente as previsións da reforma local no marco das súas competencias*
- *O texto foi aprobado onte pola Comisión Executiva da Fegamp*

O Consello aprobou hoxe o anteproxecto de lei de medidas urxentes que elaborou a Xunta ante a entrada en vigor da Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Esta lei busca facilitar a aplicación da nova norma estatal e garantir a eficiente prestación dos servizos públicos, evitando dúbidas e disfuncións que prexudiquen aos cidadáns.

Ante as dúbidas de interpretación suscitadas pola lei estatal da Reforma Local, os propios concellos reclamaron nos últimos meses que se clarificasen determinados supostos. Con ese obxectivo, a Xunta axilizou a elaboración da súa norma, sendo Galicia a primeira Comunidade en adaptar legalmente as previsións da reforma local no marco das súas competencias.

Este texto foi presentado á Xunta de Voceiros da Fegamp o pasado 5 de marzo polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e neste tempo a Federación incorporou algunhas modificacións para dar resposta directa aos problemas que están a atopar os concellos para aplicar a reforma local. Na súa reunión de onte, a comisión executiva da FEGAMP aprobou o informe de maneira favorable.

Entre outros asuntos, o texto establece que as competencias atribuídas polas normas autonómicas vixentes -anteriores á entrada en vigor da Lei 27/2013- continuarán exercéndose polas entidades locais e rexéndose pola dita lexislación. Ademais, a lei presta especial atención á regulación das novas competencias, distintas das propias e das atribuídas por delegación.

Outro punto destacado é a regulación dos informes -de carácter vinculante- que terá que emitir a Comunidade para o exercicio das competencias sen título específico. O texto establece a documentación que debe presentarse, o procedemento e o prazo para a emisión dos informes, que será de tres meses, reducíndose á metade nos casos de urxencia. Faise referencia tamén á necesidade de novo informe nos casos de modificacións substanciais no exercicio das competencias.

Doutra banda, régúlase a cooperación e a colaboración mediante consorcios e convenios administrativos, que poderá comprender -entre outros extremos- a axuda financeira a



unha das partes para o exercicio de actividades da súa competencia ou para o exercicio polas entidades locais de competencias distintas das atribuídas como propias ou delegadas. Así mesmo, regúlase a adaptación á Lei 27/2013 dos convenios, acordos e demais instrumentos de cooperación xa subscritos.

Educación, saúde e servizos sociais

Por último, a lei de medidas urxentes regula a asunción pola Comunidade das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. Estas continuarán prestándose polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nesta. En todo caso, será o Consello da Xunta o que regulará as condicións do correspondente traspaso de medios económicos, materiais e persoais.

Ademais, establécese que, tendo en conta o establecido no Pacto Local, a Comunidade asumirá de forma progresiva -nun vinte por cento anual e comezando neste mesmo ano 2014- a xestión dos servizos asociados á xestión da atención primaria da saúde.

Lei da Administración Local de Galicia

Tal e como recolle o texto, a aprobación desta lei de medidas urxentes faise sen prexuízo da necesidade de revisar a Lei da Administración Local de Galicia, derivada tanto da súa necesaria adaptación á normativa básica como ao resto da lexislación posterior e aos novos retos organizativos e funcionais que se presentan actualmente ás entidades locais.

Neste sentido, dentro do prazo de seis meses desde a entrada en vigor do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais, o Goberno galego presentará ao Parlamento un anteproxecto de reforma da Lei da Administración Local de Galicia, para a actualización e adaptación da normativa autonómica vixente de réxime local, que integrará a regulación prevista na Lei de medidas urxentes.



A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE SADA QUE PERMITIRÁ INICIAR ANTES DO VERÁN AS OBRAS DE ESTABILIZACIÓN DUN NOIRO NA ESTRADA AC-162 (SADA-BERGONDO)

- *Ademais, aprobouse o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta actuación*
- *Tras o diagnóstico do problema e o estudo xeotécnico realizado, decidiuse que a solución máis duradeira e segura é a construción de tres muros de contención, que suporán un orzamento de 200.000 euros*
- *O pasado ano produciuse un desprendemento na marxe esquerda desta estrada, como consecuencia das intensas choivas caídas e debido á rotura dunha tubaxe de abastecemento de auga do Concello de Sada*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Sada que permitirá iniciar de forma inmediata as obras de estabilización dun noiro na estrada AC-162 (Sada-Bergondo), no punto quilométrico 0 + 600.

Ademais, tamén hoxe se aprobou o decreto de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta actuación. Deste xeito poderán expropiarse os terreos necesarios para executar as obras e poder efectuar os posteriores labores de mantemento e conservación do muro que se vai construír. O importe das expropiacións ascende a 4.081 euros.


O proxecto para as ditas obras foi redactado pola Xunta de Galicia tras levar a cabo un amplo estudo xeotécnico e técnico para lograr a solución tecnicamente máis duradeira e máis segura para automobilistas e peóns. As obras suporán un investimento de 200.000 euros e iniciaranse antes do verán.

Esta vía pertence á rede primaria complementaria de estradas da Comunidade Autónoma de Galicia. O pasado ano produciuse un desprendemento no terraplén dun noiro existente na marxe esquerda desta estrada, como consecuencia das intensas choivas caídas en días anteriores e debido á rotura dunha tubaxe de abastecemento de auga do Concello de Sada instalada baixo a beirarrúa.

Tras o diagnóstico, os traballos xeotécnicos e o correspondente estudo de alternativas, decidiuse proceder á estabilización do noiro mediante a construción de tres muros de coeira. Debido ao estado en que quedou a vía despois do desprendemento, na actuación procederáse tamén a substituír o firme completo nunha lonxitude de 40 metros. Con esta actuación beneficiarase unha poboación de máis de 15.000 habitantes do Concello de Sada.







Comunicación da Xunta de Galicia
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE
 DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO DE XESTIÓN CLÍNICA

- *Trátase dunha ferramenta que permite mellorar a calidade asistencial e implicar a todos os profesionais na toma de decisións*
- *Os tres elementos clave deste decreto son a voluntariedade na adscrición dos profesionais, o mantemento do vínculo estatutario do persoal e a carencia de personalidade xurídica propia*
- *Estas áreas disporán de sistemas de información específicos que permitan aos integrantes facer un seguimento e avaliación dos resultados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de xestión cínica que regula a creación, a estrutura, a organización e o funcionamento das áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde.

A implantación progresiva destas áreas, con responsabilidade e autonomía de xestión, precisa dun procedemento regrado e transparente no cal se establezan todos os requisitos e condicionantes que definan a creación das áreas de xestión clínica.

Estas estruturas estarán dotadas do nivel de autonomía suficiente para poder realizar as súas funcións e deberán actuar segundo os acordos establecidos coa xerencia correspondente.

Trátase de conseguir a implicación dos profesionais facilitándolles a capacidade para organizarse e deseñar estratexias que lles permitan mellorar os resultados da atención aos seus pacientes e favorecer un uso máis eficiente dos recursos.

Hai tres elementos clave deste decreto: a voluntariedade na participación e adscrición dos profesionais a estas áreas, o segundo dos requisitos é que as áreas non terán personalidade xurídica propia e dependerán das estruturas de xestión e integrada, e terceiro, os profesionais que decidan voluntariamente participar manterán a súa praza e o seu vínculo estatutario.

Cada área contará cun director, responsable da actividade desenvolvida, e cun comité de dirección, presidido polo director e composto polas persoas que exerzan a coordinación dos principais procesos asistenciais que se desenvolvan no ámbito da área de xestión clínica.

Ademais, disporán de sistemas de información específicos que permitan aos integrantes facer un seguimento e avaliación dos resultados.

APROBADO O DECRETO QUE CREA O NOVO CONSELLO GALEGO DE ACCIÓN VOLUNTARIA, QUE OUTORGA MÁIS PESO ÁS ENTIDADES

- *O Consello da Xunta deu luz verde á modificación deste organismo que, segundo a Lei de acción voluntaria de 2011, ten entre as súas funcións a coordinación e o asesoramento nesta materia*
- *O número de asociacións de acción voluntaria medrou un 15 por cento nos últimos anos, ata superar as 860*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que regula o novo Consello Galego de Acción Voluntaria, que outorga máis peso ás entidades do sector. Trátase dun organismo que xa existía, pero do que agora se modifica a súa composición para promover o papel das asociacións.

A Lei de acción voluntaria de Galicia de 2011, que foi aprobada por unanimidade polo Parlamento galego, establece que este consello é o máximo órgano de participación, coordinación e asesoramento na materia.

As principais funcións deste organismo céntranse en emitir informes sobre os proxectos do Goberno no eido do voluntariado; asesorar e informar; servir de punto de encontro entre as administracións e as entidades; detectar e analizar as necesidades básicas na materia; velar pola calidade das prestacións ou propoñer novas actuacións.

O obxectivo deste cambio na composición do Consello é dotar de máis representación as entidades do sector, en detrimento da Administración autonómica.

Para conseguilo, créase unha vicepresidencia segunda para o representante da confederación con maior número de entidades inscritas no Rexistro de Acción Voluntaria e créanse dúas novas vogalías para entidades. Deste xeito, os axentes que traballan neste ámbito contarán cun maior peso no órgano, que ademais pasa a incorporar tamén as universidades.

Con estas modificacións, reafirmase a importancia das estruturas de participación cidadá e consolídase este consello como máximo órgano de asesoramento en materia de voluntariado.

Esta iniciativa inscríbese na aposta do Goberno galego por seguir apoiando o voluntariado, que cada vez ten unha maior relevancia na sociedade galega. Prova disto é que as entidades inscritas no rexistro da Xunta aumentaron nun 15 por cento desde o 2008, de xeito que agora superan as 860 asociacións. Parello a este incremento, produciuse tamén un aumento no número de persoas voluntarias inscritas, que superan xa as 36.400.



Ademais deste cambio, a Xunta desenvolve diversas iniciativas relacionadas con este eido como os proxectos de voluntariado nos cárceres; o pasaporte solidario; o acompañamento a persoas con alzhéimer; o voluntariado dixital, nas bibliotecas, ou de carácter ambiental; o intercambio de voluntarios sénior con outros países ou o Servizo de Voluntariado Xuvenil.



APROBADO O DECRETO DE CREACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS, QUE SE CONSTITUIRÁ NUN PRAZO DE TRES MESES

- *A partir da súa constitución, haberá un prazo de tres meses máis para a súa posta en funcionamento*
- *A axencia, cuxa creación está recollida na Lei de servizos sociais de 2008, ten como obxectivo evitar duplicidades, unificar servizos, homoxeneizar criterios e prestar unha atención máis áxil e eficiente*
- *O ente irá asumindo paulatinamente distintos equipamentos de atención social*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto que crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e que aproba os seus estatutos. Isto supón dar o último paso necesario para a súa constitución, que se producirá nun prazo de tres meses coa reunión do Consello Reitor. A partir deste momento, haberá un prazo de tres meses máis para a súa posta en funcionamento.

O obxectivo da Axencia, cuxa creación está prevista na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, é garantir unha atención de calidade ao cidadán, grazas á unificación de servizos, á homoxeneización de criterios e á eliminación de duplicidades. Deste xeito, acadarase unha xestión integrada e máis áxil, cos mesmos parámetros de calidade.

A Axencia será unha entidade pública, con personalidade xurídica propia. Dentro deste organismo, unificaranse os recursos humanos e materiais de que dispón o Goberno galego para prestar os servizos sociais.

O novo modelo permitirá acadar diversas vantaxes con respecto ao actual. Unha delas é que facilitará a posta en práctica do novo modelo de carteiras de servizos que está promovendo a Consellería de Traballo e Benestar para garantir unha atención profesionalizada e especializada. Ao mesmo tempo, e en termos de xestión, permitirá unha administración máis eficiente ao permitir, pola súa fórmula de xestión, a aparición de economías de escala.

Así, este organismo asumirá paulatinamente -para que a atención non se vexa afectada en ningún momento- todos os centros de servizos sociais (escolas infantís, centros de día, residencias...) que dependen do departamento autonómico e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

A posta en marcha da Axencia comezará coa xestión das escolas infantís que dependen actualmente da Consellería de Traballo e Benestar, para despois ir asumindo os centros que dependen do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.



A previsión é que a Axencia poida ter asumido en 2015 a totalidade de centros do Consorcio, polo que este ente pasará a extinguirse, xa que quedará integrado dentro do novo organismo.

A xestión dos restantes servizos sociais irase asumindo paulatinamente a partir desa data, seguindo a orde das distintas áreas estratéxicas e unificando segundo a tipoloxía dos centros.

O novo organismo seguirá estando rexido polos principios de transversalidade e colaboración con que se levan prestando os servizos sociais nos últimos anos. Deste xeito, pese á extinción do Consorcio, continuarase traballando da man dos concellos, que terán un papel fundamental na xestión da Axencia a través de dous mecanismos fundamentais: a sinatura de convenios con este ente e a súa participación a través do Consello Reitor, que será o máximo órgano de goberno da Axencia.

De feito, no Consello Reitor haberá representantes tanto da Consellería da área de servizos sociais como da de Sanidade e Educación. A estes sumaranse representantes das entidades locais, que serán propostos pola Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).



TRABALLO INVISTE 13,6 MILLÓNS DE EUROS NO MANTEMENTO DE EMPREGO DUNHAS 2.000 PERSOAS TRABALLADORAS CON DISCAPACIDADE

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe esta orde de subvencións, que está destinada aos 114 centros especiais de emprego que existen en Galicia*
- *A convocatoria, que é de carácter plurianual, abrangue o período que vai desde o 1 de decembro de 2013 ao 30 de xuño de 2015 co fin de non interromper en ningún momento o pagamento destas subvencións*
- *A contía das axudas sitúase nos 322,65 euros mensuais, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional*
- *Esta actuación inscríbese na aposta do Goberno galego por impulsar a integración laboral das persoas con discapacidade, un eido en que este ano se investirán 17,4 millóns de euros*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá 13,6 millóns de euros, entre 2014 e 2015, para financiar o mantemento do emprego de case 2.000 persoas traballadoras con discapacidade.

O Consello da Xunta aprobou hoxe esta orde de axudas, que van destinadas aos 114 centros especiais de emprego que existen en Galicia. O obxectivo das subvencións é financiar parcialmente o custo salarial das contratacións destas entidades. En concreto, a contía da axuda por cada persoa contratada sitúase nos 322,65 euros mensuais, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional.

A principal novidade desta orde é o seu carácter plurianual, que abrangue o período que vai desde o 1 de decembro de 2013 ata o 30 de xuño de 2015. Deste xeito, non quedan interrompidos en ningún momento a concesión e o pagamento destas subvencións, como podía suceder nas ordes de carácter anual. Así respóndese, ademais, a unha das principais demandas dos centros especiais de cara a axilizar a tramitación destas axudas.

Na orde recóllese tamén a posibilidade de realizar un pagamento á conta de ata o 90 por cento do total concedido, así como tamén establece a posibilidade de conceder dous anticipos de pagamento da subvención concedida: do 80 por cento con cargo á anualidade de 2014; e do 50 por cento con cargo á anualidade de 2015.

Esta orde de apoio aos centros especiais de emprego verase complementada proximamente coa convocatoria dos programas de incentivos para a creación ou ampliación do cadro de persoal con discapacidade, e de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional destes centros. Neste caso, o orzamento ascenderá a 740.000 euros para a anualidade 2014.



O obxectivo de ambas as subvencións é promover a integración laboral das persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego, así como promover a súa permanencia no mercado laboral. Ao mesmo tempo, cabe destacar que estas axudas favorecen a viabilidade destas empresas.

Estes centros dan emprego a persoas con distintos tipos e graos de discapacidade. En concreto, estes postos de traballo están ocupados por persoas con parálise cerebral, enfermidade mental ou discapacidade intelectual cun grao superior ao 33 por cento. Tamén poden acceder a estas fórmulas especiais de emprego protexido as persoas cun grao de discapacidade física ou sensorial superior ao 33 por cento.

Esta iniciativa encádrase no esforzo da Xunta por acadar unha integración plena das persoas con discapacidade, no cal o acceso ao emprego é un elemento decisivo. En concreto, en 2014 a Consellería de Traballo e Benestar destinará un total de 17,4 millóns de euros para programas de emprego para a discapacidade, o que supón un 8 por cento máis que en 2013.



TRABALLO INVISTE 1,1 MILLÓNS PARA APOIAR O FOMENTO DO COOPERATIVISMO DE ASOCIACIÓN, CONCELLOS E ENTIDADES DA REDE EUSUMO

- *Esta iniciativa forma parte da aposta do Goberno galego polo cooperativismo, un eido ao cal está a destinar este ano máis de 4,8 millóns de euros*
- *A Consellería de Traballo e Benestar convocará este ano unha liña de subvencións que inclúe tres programas diferentes, un deles novidoso para incentivar a efectiva participación na rede Eusumo de entidades*
- *Estes organismos recibirán por primeira vez este ano o 80 por cento dos gastos de actividades que realicen, unha subvención que non poderá exceder os 6.000 euros por beneficiario*
- *Un segundo programa incentiva que os concellos e outras entidades locais de Galicia -sempre que como mínimo estean agrupadas catro administracións locais- participen na creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como a realización de actividades, con contías máximas de ata 28.000 euros por beneficiario*
- *A terceira liña de axudas financia as actuacións das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais*
- *A esta convocatoria súmanse outras cinco liñas de axudas, que saíron publicadas recentemente no DOG, ás cales se destinan máis de 1,8 millóns de euros, e que inclúen, por primeira vez, un incentivo de 15.000 euros para os mozos e mozas que decidan poñer en marcha unha cooperativa xuvenil na Comunidade*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 1,1 millóns de euros para unha orde de axudas que inclúe tres programas diferentes destinados a fomentar o cooperativismo. O Consello da Xunta aprobou hoxe esta actuación do Goberno galego, que incorpora este ano un programa innovador. Por primeira vez incentivarase a participación na rede Eusumo de entidades sen ánimo de lucro, fundacións e asociacións, cámaras de comercio, organizacións profesionais, empresariais e sindicais.

Trátase de apoiar estes organismos para a realización de actividades para a promoción do cooperativismo e a economía social. Deste xeito, poderán recibir o 80 por cento dos gastos para a realización de actividades, unha axuda que non poderá exceder os 6.000 euros por beneficiario. Entre as actuacións que se poderán subvencionar, e que deberán realizarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro deste ano, destacan actividades divulgativas, formativas e de asesoramento, especialmente as que estean encamiñadas a fomentar o emprendemento cooperativo a través desta rede, que puxo en marcha o departamento autonómico en 2012 para promover o cooperativismo.

Un segundo programa está destinado a incentivar a participación dos concellos e doutras entidades locais de Galicia (áreas metropolitanas, mancomunidades, consorcios locais e agrupacións dun mínimo de catro concellos dunha mesma zona) na promoción



do cooperativismo, subvencionando os gastos derivados da creación e mantemento de oficinas de fomento cooperativo, así como a realización de actividades. Así mesmo, financiaranse actividades de estímulo do autoemprego e o emprendemento cooperativos e o apoio á xeración de novos proxectos. Subvencionarase, en concreto, a creación dunha soa oficina por beneficiario, que deberá integrarse na rede Eusumo. Tamén se financiará a contratación de persoal técnico asesor en materia de fomento cooperativo a tempo completo cunha contía máxima de 2.000 euros e o alugamento de locais con ata 250 euros ao mes.

A contía máxima por beneficiario non poderá exceder os 28.000 euros, un límite que poderá incrementarse ata os 37.600 euros por concello adicional a partir de catro. A execución das accións deste programa deberán estar realizadas entre o 1 de novembro de 2013 e o 30 de xuño de 2015.

Asociacións cooperativas

O último programa que inclúe esta convocatoria de axudas da Consellería de Traballo e Benestar está dirixido ao fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

A través desta actuación subvenciónanse parcialmente os gastos normais de funcionamento destes organismos con contías máximas por beneficiario de 150.000 euros; a realización de actividades de promoción ou procesos formativos de persoal, así como a elaboración de proxectos de intercooperación, entre outros, con axudas de ata 80.000 euros por beneficiario; e o desenvolvemento de actividades de emprendemento realizadas en rede de carácter informativo, formativo ou de asesoramento encamiñadas a fomentar o cooperativismo a través da rede Eusumo, con axudas de ata 100.000 euros por beneficiario. Todas estas accións deberán estar executadas entre o 1 de novembro de 2013 e o 31 de outubro de 2014.

Incentivo á mocidade

Esta convocatoria de axudas forma parte da aposta do Goberno galego polo cooperativismo, xa que está demostrado que é unha fórmula que está a resistir á crise. Por iso, este ano blindou con 4,8 millóns de euros o orzamento destinado ao cooperativismo.

A estas subvencións súmanse outras cinco liñas de axudas, que xa saíron publicadas no DOG, ás cales se destinan máis de 1,8 millóns de euros, un 12 por cento máis que en 2013, e que tamén están dirixidas a fomentar o cooperativismo en Galicia. Entre estas actuacións inclúese este ano por primeira vez un incentivo de ata 15.000 euros para os mozos e mozas que decidan poñer en marcha unha cooperativa xuvenil na Comunidade.



MEDIO RURAL E MAR DESTINA 140.000 EUROS A COLABORAR CO INORDE NO IMPULSO ÁS RAZAS GANDEIRAS AUTÓCTONAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

- *O convenio co Inorde ten como obxectivo continuar coa execución de actividades destinadas ao mantemento de rabaños fóra dos seus hábitats naturais e está destinado ás razas ovella galega, cabra galega e porco celta*

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración da Consellería do Medio Rural e do Mar co Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) para o fomento das razas gandeiras autóctonas en perigo de extinción. A esta colaboración o departamento que dirixe Rosa Quintana destina 140.000 euros para distribuír nos anos 2014 e 2015, a razón de 70.000 euros anuais. Esta cantidade está cofinanciada a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O convenio ten como obxectivo continuar coa execución de actividades destinadas ao mantemento de rabaños fóra dos seus hábitats naturais e está destinado ás razas ovella galega, cabra galega e porco celta. As actuacións que inclúe baséanse no mantemento dos rabaños fundacionais das tres razas, co fin de asegurar a súa variabilidade xenética. Estes rabaños están nas instalacións que o Instituto posúe no predio de Armariz, Nogueira de Ramuín. Ademais, a través desta colaboración, entre outras tarefas, o Inorde aplicará un programa de reprodución específico para cada especie, multiplicando o número de animais en cada un e xestionará a repartición de exemplares destas razas entre os gandeiros solicitantes.

A Consellería participará na coordinación técnica das actuacións e custodiará os bancos xenéticos das razas autóctonas, entre outras tarefas. A vixencia desta colaboración é de dous anos e rematará o 15 de outubro de 2015.

INORDE

O Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde) é unha institución pública creada en 1987 pola Deputación Provincial de Ourense co obxecto, entre outros, de apoiar o desenvolvemento das zonas rurais. Dedicase, entre outras funcións, a apoiar o sector gandeiro da provincia de Ourense a través da formación, asesoramento e investigación que se realiza no Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro de Xinzo de Limia. Tamén realiza programas de recuperación de razas autóctonas e ademais conta entre as súas instalacións cun predio acondicionado para a realización de actuacións de carácter agropecuario no lugar de Armariz, Nogueira de Ramuín (Ourense).



DECLARACIÓN EN RELACIÓN COA PROTECCIÓN DOS PROFESIONAIS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE ANTE ACTITUDES DE VIOLENCIA EXTERNA

A violencia no lugar de traballo é considerada, no marco actual, como un problema que non pode tratarse illadamente, posto que, ademais das súas repercusións na seguridade e saúde dos profesionais implicados, tamén afecta os seus familiares e a sociedade no seu conxunto, e representa unha clara e grave ameaza contra a eficacia das organizacións.

A complexidade propia da atención sanitaria, as súas características organizativas, así como as relacións interpersoais inherentes a ela, fan que exista un maior risco de exposición a situacións conflitivas. Aínda que esta problemática ten un alcance xeral, ao que ningún país nin sistema de saúde é alleo, resulta dificilmente explicable considerando que acontece nun contexto de servizo á cidadanía e contra profesionais que esa comunidade entende que se deben protexer.

Na nosa Comunidade Autónoma, o Servizo Galego de Saúde presta asistencia sanitaria ininterrompidamente as 24 horas do día e os 365 días ao ano a máis de 2.700.000 persoas. Na actualidade conta para iso con arredor de 37.000 profesionais que traballan nos 480 centros de saúde e nos 14 hospitais da rede sanitaria autonómica, cunha elevada actividade asistencial, cirúrxica e de consulta.

Aínda que a magnitude do problema non é moi grande en termos cuantitativos, sobre todo se a poñemos en relación coa actividade realizada e a poboación asistida, é preciso prestarlle especial atención, en colaboración cos profesionais, cos axentes sociais e coas institucións relacionadas co eido sanitario público. O obxectivo é previr e minimizar a violencia e garantir a seguridade do noso persoal, o que, sen dúbida, redundará na mellora da calidade asistencial.

Tendo en conta que a atención sanitaria debe desenvolverse no marco do debido respecto, e considerando que as actitudes violentas dirixidas contra profesionais do Servizo Galego de Saúde resultan totalmente inaceptables e inxustificables, manifestamos a adhesión á Declaración conxunta do Pleno do Observatorio de Violencia Laboral en relación coa protección dos profesionais do Servizo Galego de Saúde ante actitudes de violencia externa, asinada en Santiago de Compostela o 18 de marzo de 2013, baseada nos seguintes principios:

- O sistema público de saúde é un dos piares básicos do Estado de benestar e, como tal, debe atender aos principios de universalidade, equidade, solidariedade e aseguramento público, contribuíndo de forma importante á xustiza redistributiva e á cohesión social e territorial.



O seu bo funcionamento ten gran transcendencia para cada individuo e para o conxunto da sociedade, polo que é necesario conseguir unha atención sanitaria de calidade que dea resposta ás necesidades das persoas, en tempo e de forma digna.

A construción dun sistema sanitario eficaz require, baixo a premisa da **corresponsabilidade**, o **compromiso de todos os axentes implicados**, incluídos os propios usuarios.

- Resulta necesario emprender accións que garantan a seguridade e saúde dos profesionais, que **favorezan a estreita relación entre o paciente/usuario e o persoal da Administración sanitaria e fomenten a humanización do trato** que recibe o paciente, acadando así unha maior calidade asistencial.
- Os asinantes declaran asumir a **plena protección de todos os profesionais** co fin de garantir a atención daqueles que sexan agredidos no exercicio das súas funcións, habilitarán os medios e recursos necesarios e apoiarán calquera acción encamiñada a conseguir un contorno libre de violencia.
- A administración, as organizacións e entidades asinantes comprométense a continuar avanzando na prevención destes episodios mediante:
 - A implantación de sistemas para controlar rapidamente calquera situación potencial de violencia ou perigo, e para contribuír a minimizar as súas repercusións.
 - Planes formativos específicos na materia dirixidos aos profesionais.
 - A coordinación coas diferentes institucións que teñen responsabilidades e participación neste eido.

Sendo conscientes de que as persoas que traballan no Servizo Galego de Saúde constitúen o seu valor máis importante e son a peza clave do futuro do sistema sanitario público de Galicia, declárase o compromiso de reflexión permanente sobre esta materia e de promover a adopción das medidas precisas para desenvolver unha cultura organizativa no lugar de traballo baseada na comunicación entre usuarios e profesionais do sistema sanitario, así como en normas e valores éticos de corresponsabilidade, respecto mutuo, tolerancia e calidade do servizo.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2014



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA FORESTAL MUNDIAL
DIA DA ÁRBORE 21 MARZO 2014

En 1971 os Estados membros da Organización de Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación (FAO) proclamaron a celebración do primeiro "Día Forestal Mundial" o 21 de marzo, primeiro día do outono no hemisferio sur e o primeiro da primavera neste noso hemisferio, co obxectivo de imprimirlle carácter de simultaneidade en todo o mundo.

O monte foi a base que permitiu o sustento das sociedades antigas e posibilitou o tránsito á moderna sociedade dos nosos días, nas que os bosques desempeñan un papel fundamental, tanto desde o punto de vista económico como ambiental e tamén social e cultural, en canto espazo de expansión e lugar de encontro e espaxamento.

As masas arbóreas cobren hoxe unha terceira parte da superficie do planeta. Galicia conta cunha superficie forestal de dous millóns de hectáreas, as tres cuartas partes do territorio da Comunidade autónoma, e representa máis do 7% cento da superficie forestal de España. Aquí se levan a cabo o 50% das cortas de madeira do Estado, o que pon de manifesto a capacidade do sector galego e o seu peso no país.

Desde a punto de vista da economía, a árbore está na orixe dun importante sector da economía que proporciona unha materia con múltiples aplicacións como a produción de madeira, de papel ou a produción enerxética ligada a modernas instalacións de biomasa.

A facturación conxunta da primeira e segunda transformación en Galicia ascende a 1.800 millóns de euros. A industria forestal e da madeira galega xera o 3,5 do PIB de Galicia. A biomasa forestal é a responsable do 5% das exportacións galegas. O sector da madeira ocupa directamente a preto de 25.000 persoas e indirectamente ao redor de 50.000 persoas.

Moitos son os recursos e aproveitamentos que o monte ofrece, ademais da madeira como dixemos antes, pastos, froitos, cogomelos, biomasa, lecer, paisaxe... O equilibrio entre os distintos aproveitamentos é fundamental, de xeito que non perdamos recursos dispoñibles.

Os bosques teñen un papel cada día máis importante na súa contribución á mellora da calidade do aire, da auga e, en definitiva, da minoración do cambio climático, que é unha das maiores ameazas ambientais a nivel mundial. Cumpren unha importante función ecolóxica ao incidir directamente sobre a flora e a fauna silvestres, contribuír á conservación dos solos e regular o ciclo hidrolóxico. Ademais, teñen unha enorme capacidade de fixar carbono e liberar osíxeno, axudando na mitigación do efecto invernadoiro.



É, pois, unha obriga para todos o seu coidado e mantemento, tarefa na que se enmarca a precisa loita contra os incendios forestais. Porque non é que os bosques sexan só uns monumentos cheos de fermosura. Deles depende, en gran medida, a nosa economía, a calidade do aire e da auga e a propia vida. Có coidado do monte contribuímos a garantir o presente e o futuro de Galicia e do planeta.



OS EPISODIOS DE VIOLENCIA CONTRA OS PROFESIONAIS DO SERGAS REDUCÍRONSE NUN 31,8% DESDE O ANO 2010

- *O Consello aproba unha declaración institucional en relación coa protección destes profesionais ante actitudes de violencia externa con motivo do Día Nacional contra as Agresións no Ámbito Sanitario, que se celebra hoxe*

O Consello da Xunta aprobou unha declaración institucional en relación coa protección dos profesionais do Servizo Galego de Saúde ante actitudes de violencia externa con motivo do Día Nacional contra as Agresións no Ámbito Sanitario, que se celebra hoxe, 20 de marzo.

Neste sentido, a conselleira de Sanidade presentou aos membros do Consello un informe sobre os datos dos últimos anos do Sergas e as accións realizadas neste sentido. Así, as actuacións levadas a cabo polo Servizo Galego de Saúde contra a violencia sobre os profesionais dos seus centros permitiron que en 2013 as agresións se reducisen nun 31,8% respecto do ano 2010, e nun 7,5% respecto do ano 2012.

Estes datos recóllense no marco do Plan integral de prevención da violencia laboral de orixe externa do Sergas. Concretamente, en 2013 rexistráronse 174 episodios de violencia que afectaron 209 profesionais (dos cales 79,4% eran mulleres).

Cómpre destacar que a meirande parte destes episodios se refiren a violencia de tipo verbal ou xestual (83,3%) e que das lesións producidas no 16,7% restante a maioría non causaron baixa, do que resulta que o 89,5% das lesións son de carácter leve.

Observatorio de Violencia Laboral

O Servizo Galego de Saúde creou en 2010 o Observatorio de Violencia Laboral no contorno das súas institucións sanitarias para describir a situación e a evolución, e para levar a cabo unha análise de necesidades que contribúa -en colaboración cos profesionais, axentes sociais e outras institucións- a elaborar estratexias e políticas preventivas axeitadas.

Neste sentido, seguindo unha liña xa iniciada no eido da atención primaria, desde 2011 os profesionais das urxencias hospitalarias dispoñen de sistemas de aviso nos seus ordenadores que poden activar en caso de necesidade, o que alerta de situacións de violencia ao persoal de seguridade.

Ademais, en setembro de 2012 asinouse coa Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia un convenio de colaboración para desenvolver diferentes accións coas que



garantir a protección dos profesionais, e implantáronse os medios e canles necesarios para informar e asesorar a todos os profesionais da sanidade acerca dos pasos que seguir en caso de sufrir unha agresión.

Formación, concienciación e prevención

O Sergas está levando a cabo tamén accións de formación e concienciación para a prevención da violencia laboral, dirixidas aos profesionais, para canalizar situacións de potencial conflito e desenvolver as súas habilidades de comunicación.

Coincidindo coa celebración do Día Nacional contra as Agresións no Ámbito Sanitario habilitouse un espazo específico na sección de *Prevención da violencia laboral* na canle *Riscos laborais* da intranet, denominado *Plans específicos para a prevención da violencia de orixe externa* (PEVE), na cal se inclúen os plans correspondentes a cada xerencia de xestión integrada.

Actualmente a Administración sanitaria continúa a traballar no apoio ao Pleno e á Comisión Técnica do Observatorio de Violencia Laboral, e na busca de novas alianzas e colaboracións con outras institucións.

Ademais, neste ano 2014 darase un pulo á implantación nas xerencias de xestión integrada dos plans específicos para a prevención da violencia externa (PEVE) - elaborados o pasado ano 2013-, onde se especifican os medios necesarios para a atención e o apoio ao persoal vítima de agresións en distintos eidos (asistencial, psicolóxico, xurídico e institucional); á formación dos coordinadores de violencia laboral designados nos centros; así como ao desenvolvemento e implantación dun sistema telemático de comunicación interna, investigación e rexistro dos episodios de violencia co fin de mellorar a súa xestión.

